

EDUCACIÓN PÚBLICA REPUBLICANA

Herminio BARREIRO RODRÍGUEZ

Universidade de SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Historia ten por ouxeto a comprensión do pasado para poder coñecer mellor o presente e establecer así unha certa previsión de futuro [Pierre Vilar].

“Lo mejor del pasado es que ya pasó” [José Ortega y Gasset].

O que nos interesa principalmente é o presente e o futuro inmediato. O futuro a longo prazo e o pasado en canto tales, só nos importan nun segundo momento..

RESUMO: Este artigo ven sendo unha defensa da educación pública republicana a partir dun breve percorrido histórico que arranca da Revolución Francesa de 1789 e das súas orixes históricas (movemento da Ilustración) e teóricas (Platón e Aristóteles). O nacemento da escola gratuita, obrigatoria e laica no século XIX en Europa e o proceso histórico-sociolóxico de construción da escola única republicana en España, entre 1931 e 1936, completan o traballo.

PALABRAS CLAVE: Escola pública, IIª república española, escola laica, educación pública, sistema educativo, Revolución francesa, escola única.

ABSTRACT: This article is fundamentally a defence of public education during the Republic and includes a brief history starting out from the French Revolution of 1789 and its origins - both historical (the Enlightenment) and theoretical (Plato and Aristotle). Other subjects that are discussed here include the birth of free, compulsory, lay education in 19th Century Europe and the historic and sociological process of the construction of the unique Republican school in Spain between 1931 and 1936.

KEY WORDS: Public school, the Second Spanish Republic, lay education, public education, educational system, the French Revolution, unique school

1. Unha pequena exhortación

Nos tempos que corren, parece que non nos queda outra opción que unha loita decidida por máis e mellor *educación*. E, sobre todo, por máis e mellor *educación pública*. Nunca foi tan verdade o feito de seren a educación a fórmula mellor para chegar a unha sociedade do coñecemento altamente desenvolvida. Tanto é así que, cando hoxe falamos de *educación*, estamos a falar en realidade da verdadeira e auténtica riqueza dun país; estamos a falar propiamente de *capital humano*.

A correlación clásica que se ven establecendo entre *sistema productivo/sistema político/sistema educativo* é hoxe máis clara que nunca. Pero a educación é tamén máis ca iso. A educación é –polo menos dende Condorcet (un dos grandes personaxes do movemento histórico “ilustrado” do século XVIII e da Revolución Francesa de 1789)- un dos *dereitos fundamentais* da Humanidade e, por suposto, un dos *dereitos fundamentais* do noso tempo. Un dereito que é contribución importantísima no camiño cara unha sociedade máis xusta e igualitaria.

E moito máis que todo iso. A educación debe ser tamén, agora mesmo, por exemplo, unha *garantía de defensa* das diferencias de atributos entre homes e mulleres, pero tamén da *igualdade social* máis irrenunciabel entre unhas e outros. A educación segue a ser, ademais, elemento determinante nada menos que para a *transformación do mundo* e para a *conquista da liberdade*. E, por suposto, para todos os que nos dedicamos a ela e traballamos no seu entorno, será sempre un sentimento altamente gratificante, unha paixón irrefrenabel e unha emoción permanente.

A educación é, por tanto, unha necesidade vital neste momento histórico. Sen educación, a Humanidade será incapaz de resolver os dramáticos problemas que se lle van a plantexar nos anos que veñen, afirmaba hai pouco nunha inauguración de curso o Presidente da República de Cuba, Fidel Castro Ruz. Porque xa non hai dúbida de que a educación é, neste momento histórico, tan indispensable para os seres humanos como a auga para beber ou como o aire para respirar. Trátase de ser educados para ser nós mesmos. A educación, así considerada, é o poder máis grande. Máis que o poder económico e máis que o poder político. A educación é o poder da verdade.

2. Sobre as orixes da educación pública

A historia da educación pública contemporánea vai sempre íntimamente vencellada á historia da *república* como modelo de Estado. Aínda que non pode establecerse unha correlación unívoca e determinante entre *sistema de educación pública* e *sistema político republicano*, os momentos mellores y máis felices das sociedades contemporáneas –particularmente en Europa-, sobre todo no que se refire á educación pública, foron sempre *momentos republicanos*.

Iso xa foi así na Antigüidade clásica, cando Platón establece –hai dous mil cincocentos anos, en Atenas- os principios básicos e *teóricos* da educación pública na súa obra inmortal titulada xustamente así: *A República* –“o máis fermoso tratado sobre educación que se teña escrito nunca”, como ten dito Rousseau-. Platón vai ser quen conquira entender primeiro o carácter *reproductor* da educación e o primeiro en concluir que a educación actúa como elemento *perpetuador* de determinados valores e intereses sociais. A partir de entón, poderá falarse xa sen equívocos da educación como unha *cuestión de Estado*. Aínda que a estrutura do Estado –tal e como hoxe entendemos o Estado- non aparecerá ata moitos séculos despois

Pola súa banda (e tamén naquel tempo), Aristóteles diseña as grandes liñas do curriculum da Grecia clásica e as características do sistema educativo na Cidade-Estado, na

súa célebre obra titulada *Política*. Será nese gran libro onde o preceptor de Alexandre Magno (figura evocada por Oliver Stone na súa última película sobre o gran líder da Antigüidade) establece dunha vez por todas as consecuencias educativas que levaba consigo a *división social do traballo*.

Nalgúns capítulos da *Política*, Aristóteles aborda as diferencias sustanciais naquela sociedade escravista entre os propietarios de escravos e os escravos mesmos –a quenelles nega a condición de persoas-, entre os artesanos e os homes libres, entre as disciplinas “útiles” e as disciplinas “sublimes”, entre o *ocio* dos homes libres e o *negocio* dos que ganan o pan coas mans –como se diría tempo despois-. Salvadas tódalas distancias, velaí a orixe do clasismo realmente existente nos sistemas educativos capitalistas actuais. O traballo de corrección histórica no camiño da democracia e no camiño dunha maior xustiza e igualdade, segue a ser longo, moi longo.

E seguiría sendo así, no decorrer histórico, con ocasión do desenvolvemento do proceso revolucionario francés de 1789, que abre a época contemporánea. Nese proceso revolucionario –o máis completo que se ten dado na Historia- é onde podemos rastrear as orixes *textuais* da nosa educación pública. Esas orixes están nos documentos principais que se conservan daquel tempo, principalmente nos famosos *Cahiers de Doléances* [Cuadernos de Queixas] –especie de diarios de sesións dos Estados Xerais reunidos en Versalles entre maio e xuño dese ano, en vísperas da Revolución-. E están, sobre todo, nos importantísimos e determinantes *Rapports* [Informes] que irían aparecendo ao compás dos principais acontecementos revolucionarios, principalmente, entre 1789 e 1794.

De entre todos eses Informes temos que destacar necesariamente o *Informe sobre a organización xeral da instrucción pública*, de 1792, elaborado por Condorcet, o último dos ilustrados franceses, testigo dos primeiros acontecementos da Revolución, vítima el mesmo daquel intenso e violento proceso e defensor acérrimo e convencido da República como modelo de Estado.

Pero esas orixes da *educación pública* están tamén, non o esquezamos, no movemento ilustrado en tanto que *revolución teórica* que precede á Revolución *política* de 1789. A Ilustración foi –como dicía o grandísimo historiador e hispanista francés Pierre Vilar- razón necesaria, aínda que non suficiente da Revolución. Farían falta ademais as condicións sociais ouxetivas para ese gran cambio. Pero o caso é que, sen a *teoría política e pedagóxica* dos ilustrados, a Revolución non houbera sido posible. A Ilustración supón a preparación dun novo modelo teórico-práctico de Estado. Un Estado de novo tipo. En definitiva, o Estado que precisaba a burguesía.

Así, as aportacións de Rousseau, Diderot, Helvétius, Montesquieu e Voltaire, principalmente, van ser determinantes á hora de construír a primeira conciencia contemporánea da necesidade dunha *educación pública*. Ou, o que é o mesmo, da *educación* en tanto que *cuestión de Estado*. Con estes novos elementos –e como diría o noso malogrado sociólogo da educación Carlos Lerena-, a *educación* aparece na Historia, simultaneamente, como un proceso único e indisolubel de *reproducción-represión* e de *formación-liberación*.

Consideracións parecidas son as que poderán facerse, anos máis tarde, a propósito de España. Exactamente, no momento en que se produce o que poderíamos chamar caída do Antigo Réxime e fin do feudalismo. Estou a falar daquel histórico martes, 14 de abril de 1931. Ou polo menos iso parece que foi o sucedido na percepción da xente e dende o punto de vista da conciencia social dos pobos de España. Da a impresión de que foi así de optimista e arrolladora a nosa entrada na *modernidade*.

Día de tanta gloria aquel 14 de abril, que faría dicir á célebre filósofa malagueña María Zambrano: “Nunca habíamos estado todos juntos tan contentos, porque nunca estuvimos contentos y muy pocas veces juntos”. Efectivamente, a partir daquel 14 de abril a *educación pública* e a *educación republicana* serían, en España, unha e a mesma cousa e xa poderíamos por fin falar, no noso país, de *educación pública republicana* sen máis. Como ben recordaba María Zambrano, eran tempos de tanto pulo e tanto optimismo histórico que todo era sumar. Tódalas iniciativas, viñesen de onde viñesen, eran sempre benvidas.

Si, foi certo, todos xuntos e todos contentos...“Pero aquela España ha muerto”, como recordaría máis tarde, na súa *Memoria de la melancolía*, María Teresa León. A aquela España, matáranla, como ben sabemos, na guerra civil de 1936-1939. Franco quixo liquidar a cuestión nacional mediante a fórmula da represión despiadada, a persecución implacabel e o exterminio. E aínda hoxe, no ano 5 do século XXI, aquela España non foi capaz de resucitar e recompoñerse...¡Qué difícil resulta ás veces a reconquista e a recomposición dun equilibrio histórico nos distintos procesos nacionais europeos!... ¡Qué complexa segue a ser a nosa configuración continental!

3. A escola gratuita, obrigatoria e laica

Unha proba do longo alcance ou da *longa duración* –como din os historiadores- de certos fenómenos históricos, témola no proceso de implantación en Francia –berce da Revolución- da *escuela gratuita, obrigatoria e laica*. Este tipo de escola (¡pola que seguimos loitando!) é algo así como a *esencia da educación pública*. Ben. Pois, malia ter sido xa reivindicada, ideolóxica e políticamente, pola Revolución de 1789 –isto é, a finais do XVIII- non tería o seu cumprimento *real* até a fin ¡da segunda guerra mundial! Foi, por tanto, o resultado dun longuísimoo proceso histórico que pasou por distintas etapas, cos seus momentos culminantes (dende o punto de vista histórico-educativo) no proceso revolucionario que decorre entre 1789 e 1799, na época napoleónica [1799-1814,15], na Terceira República [Leis Férry de 1881-83] e no Plan Langevin-Wallon de 1951, de reconstrución posbélica.

Pero aparece así formulada [*escuela gratuita, obrigatoria e laica*] con ocasión das Leis Férry de finais do XIX. En realidade, a necesidade dun *sistema de educación nacional* estabábase a sentir xa en toda Europa. Un pouco “por simpatía” coa Revolución Francesa –a pesares de dar lugar, como se sabe, a moitísimos *pour e contre*, como sempre ocorre coas revolucións- e outro pouco por evolución propia. Alemaña será vangarda cultural e política de Europa a partir de 1848. Inglaterra seguía a construír o seu mundo propio. Xurde Italia como nación...

A propia España terá a súa “Ley de Educación” (a “Ley Moyano” de 1857), aínda que, como se sabe, a escolarización total non chega ao noso país (despois do gran pulo republicano de 1931 a 1936 e tras a paréntese trágica da guerra civil) até 1970! A “Ley General de Educación” dise ano –a chamada “Ley Villar”- foi unha lei elaborada e promulgada durante o último franquismo, a contrapelo de varios estamentos do réxime. En realidade, parece máis ben unha lei posfranquista. Antes, no XIX, como di con sorna Carlos Lerena, non había “escola obrigatoria” senón “igreja obrigatoria”. Por aí pode andar a explicación do actual “resistencialismo eclesiástico”...

Lorenzo Luzuriaga, un combativo pedagogo renovador, institucionista, socialista e republicano, na súa *Historia de la educación pública*, destaca a importancia do contexto da Terceira República francesa no proceso de implantación da *escuela gratuita, obrigatoria e laica*. E suliña que as Leis Férry de 1881 e 1883 sobre *gratuidade, obrigatoriedade e laicismo escolar* serán determinantes en Francia para que se leve a cabo a separación efectiva entre Igrexa e Estado. O ensino relixioso vai ser substituído pola *instruction morale et civique*. Noustante, a batalla polo *laicismo* vai ser unha batalla que parece que nunca termina...Hoxe mesmo, xa entrado o século XXI, segue a ser un tema recorrente ¡mesmo á hora de aprobar a primeira *constitución* da Unión Europea!

O *proceso de laicización* da sociedade europea é un proceso de “longuísima duración” que se da dunha maneira moi desigual nos distintos países de Europa. Mentras Francia é capaz de levalo a cabo con moita intensidade, como consecuencia da súa tradición revolucionaria e republicana, en España, por exemplo, dará lugar a un enfrontamento fortísimo durante a IIª República, despois do famoso discurso de Manuel Azaña, en outubro de 1931, no Parlamento, coa súa rotunda afirmación: “España ha dejado de ser católica”. A Igrexa, anclada nos postulados do Antigo Réxime, que se mantiveran vivísimos até o mesmo 14 de abril do 31 e que seguiría a ser un elemento retardatario e fondamente reaccionario dende a mesma proclamación republicana, enfrontaríase xa definitivamente dende ese mesmo instante cos poderes da República. Despois virían a guerra e a posguerra. En definitiva, a loita continúa.

4. A escola unificada e republicana en España

Se se pensa na *educación pública* do século XIX, case sempre entendemos por tal a *educación pública nacional*. Cando nos referimos, en cambio, aos grandes procesos educativos do século XX –ou á constitución dos *sistemas educativos* do noso tempo-, estamos a falar máis ben do que entendemos por *educación pública democrática*. Polo menos, os tratadistas en Historia da Educación así o veñen facendo. Así o fai por exemplo Lorenzo Luzuriaga, na súa emblemática obra *Historia de la educación pública*. E iso é o que fai agora mesmo case todo o mundo.

O tema levaríanos ao centro do debate sobre a esencia mesma da *escuela contemporánea*. A primeira salvedade debера consistir en manifestar todas as reservas posibles (tanto no mundo vivido no século XX coma no mundo no que seguimos a vivir hoxe mesmo) sobre o que debe entenderse por *democracia*.

Difícilmente podemos falar de *democracia* nun mundo fundamentalmente desigual e inxusto, nun mundo tan desordenado e caótico, nun mundo tan esgazadoramente opresor e explotador. Si, en cambio, podía facerse con certa propiedade cando o concepto mesmo de *democracia* se opoñía, por exemplo, ao totalitarismo fascista. Basta con pensar –en particular, en Europa, e salvadas tódalas distancias- na experiencia italiana con Mussolini, na experiencia alemá con Hitler ou na experiencia española con Franco.

Así pois, *educación democrática* como meta, como oxetivo, como finalidade. Eso si pode ter sentido. Pero dicir tal cousa, significa reivindicar a experiencia da *escola unificada* ou *escola única*, por exemplo. Intento histórico dalgunha maneira frustrado, según os sociólogos máis críticos. A *escola única* sempre foi un oxetivo inacadabel a pesares das boas intencións. E todos eses sociólogos críticos, dende o Pierre Bourdieu dos estudos sobre a *reproducción* ata os Christian Baudelot e Roger Establet da *escola capitalista en Francia* –publicacións famosas e moi celebradas todas elas-, coinciden en afirmar o claxismo profundo da que poderíamos chamar *educación capitalista occidental*.

A *escola unificada*, *escola única* ou *escola nova*, isto é, un novo concepto de educación que pasaría á historia como *educación nova*, vai ocupar o primeiro plano das sociedades europeas, sobre todo, no período de entreguerras, constituíndose nun movemento de *renovación pedagóxica* que se materializará na loita decidida por unha auténtica *educación pública* e que, en definitiva, dará lugar á consolidación dos actuais *sistemas educativos europeos*.

En España, por exemplo, dará lugar ás grandes tarefas acometidas pola IIª República en materia de educación. E vai ser aquí, entre nós, onde a *escola unificada* se vai impregnar de *republicanismo*, coa propia práctica social e política republicana de cada día e coas ideas, os principios e as teorías dos educadores da “Institución Libre de Enseñanza” –con Giner de los Ríos e Manuel Bartolomé Cossío á cabeza-, que serán elemento principalísimo á hora de impulsar os contactos con Europa.

A consigna máis popular entre os educadores republicanos que traballaron, gozaron e se apaixoaron intensamente entre 1931 e 1936 por tódalas terras e pobos de España, podería resumirse na loita por unha *escola única, activa, pública e laica*. Eslogan que se convertería nun referente permanente dende aquel tempo. *Única* e non “dividida”. *Activa* e non “pasiva”. *Pública* e non “privada”. *Laica* e non “confesional”.

E malia todo, como ben sabemos, seguíu a haber en demasía unha escola profundamente “dividida” –basta con mirar as taxas de analfabetismo en distintas partes do mundo-. Unha escola “pasiva” –reparemos na anticuada metodoloxía didáctica de moitos centros educativos-, unha escola “privada” –bástanos con pensar en certas disposicións do goberno da dereita nos últimos oito anos- e especialmente unha escola “confesional” –a batalla pola presenza da “relixión” nas aulas, tamén nestes últimos anos, pode ser un botón de mostra-.

Con todo, a *escola única* é o máis importante intento de renovación educativa do século XX. Sentíronse implicados nil todos os grandes pedagogos da época. Con María Montessori, John Dewey, Ovidio Décroly, Jorge Kerchensteiner ou Adolfo Ferrière, entre

os pioneiros e os “pesos pesados” do movemento. E despois, case todos os demais, incluídos, por exemplo, Cousinet, Spranger ou o propio Luzuriaga. Case todos iles souberon combinar sabiamente a teoría coa práctica educativa máis innovadora.

Ese concepto de *escuela única* tivo a súa orixe nos movementos alemáns da *Einheitschule* ou “escola en unidade” –un intento de unificación de niveis educativos- e da *Arbeitschule*, ou “escola do traballo” –entendido como “traballo físico” ou “traballo mental” e base do que sería un pouco máis tarde a “escola activa”-.

E, por outra banda, tivo tamén a súa orixe no movemento francés da *école unique*, de onde procede o seu nome máis recoñecido internacionalmente. Luzuriaga foi o traductor e introductor do termo en España. Nun primeiro momento falaba de *escuela unificada*, pero, máis tarde, atraídos todos sen dúbida pola expresión francesa e pola fascinación permanente de París, pasaría a chamarse *escuela única* (e non *unificada*), o que lle daba un carácter moito máis próximo e moito máis ligado ao novo Estado *republicano*.

Por iso xustamente, en abril de 1931, Luzuriaga publicará un libro con ese título: *La escuela única*, con unha clara intencionalidade política de *manifiesto pedagógico republicano*... Esa miuda e apretada obríña ven de ser reeditada por Biblioteca Nueva no 2001.

Nos dinámicos, intensos e turbulentos anos 30 do pasado século en Europa, a *constitucionalidade* do *sistema educativo* tiña xa todo o carácter de conquista social e política irreversible –aínda que, en educación, como sucede en case todo o social, a irreversibilidade apenas existe-.

Por iso ten que ser bó citar como fito irrenunciabel o opúsculo escrito tamén por Lorenzo Luzuriaga (aquele traballador e apaixonado activista pedagóxico do PSOE, no primeiro tercio do século XX en Madrid), co gallo do debate sobre a Constitución republicana de 1931, que se titulaba *Ideas para una reforma constitucional de la educación pública* e que foi publicado pola *Revista de Pedagogía*, que il mesmo dirixía, tamén en abril de 1931.

A verdade é que nunca estiveran tan próximas no noso país a *educación pública* e a *educación republicana*. En realidade, era case imposible entendelas por separado. Por iso estamos a falar dunha verdadeira *educación pública republicana*. Algo así coma se fose dúas veces pública: *pública* e *república*. Aquelo que é o máis *público* da *cousa pública*. A experiencia social republicana era tan clara “que en ella se podía ver hasta el fondo, como en un arroyo de la sierra”, afirmaría un día Ortega.

En fin, entre os grandes problemas abordados pola IIª República, sobre todo no seu primeiro bienio, a *educación pública* aparece sen dúbida nun lugar moi sobranceiro. A educación experimentou un cambio rápido e radical, tanto en extensión como en profundidade e pasou a ser unha *cuestión primordial* do Estado.

E a IIª República decidiría tamén sobre esa cuestión, en aberto debate cos intereses privados e, sobre todo, en aberto debate cos intereses eclesiásticos. A *educación pública estatal* pasa a ser, para o réxime republicano, non só un asunto de Estado senón tamén un asunto *de urxencia*.

Nas súas reiteradas formulacións políticas de principios, os homes do novo Estado saben que non pode haber “reforma política” se non vai acompañada dunha “reforma educativa”. En consecuencia, como dicía Rodolfo Llopis –actor importante da reforma educativa republicana-, “no hay revolución que no lleve en sus entrañas una reforma pedagógica. Por eso todo revolucionario es, en el fondo, un maestro y todo educador auténtico tiene espíritu revolucionario”.

Despois da catástrofe da Segunda Guerra Mundial [1939-1945], o proceso de recuperación europeo foi moi rápido. Demostración clara de que é máis fácil saír das ruínas materiais que das ruínas espirituais.

É moito máis sinxela a reconstrucción cando se conservan os recursos intelectuais e o talento -e iso é o que sempre ofrece a educación-, que cando só se conserva o máis groseiramente material. As ruínas non se alzan por si mesmas e sobre si mesmas.

A educación en cambio -ese *capital humano* inesgotabel- é capaz de alzar o mundo enteiro. É moito máis doado saír do subdesenvolvemento material que da indixencia espiritual.

Por tanto, postos a escoller, sempre será preferible máis e mellor educación. E só se accede a esa educación cando ésta é un *ben público* e de todos, un *patrimonio compartido*.

E, na nosa memoria histórica, ese ben público, ese patrimonio compartido, estivo sempre íntimamente unido á experiencia republicana. Por iso nos aferramos á memoria da *educación pública* na Segunda República como unha lembranza inmarçitabel. E por iso soñamos coa *educación pública* na Terceira República como un proxecto de futuro para o século XXI.

Compostela, Febreiro, 2005.